

# ADDENDA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO

## Lingua galega e literatura

Modificación da programación existente para adecuarse á nova normativa sobre avaliación : *“Lei Orgánica 3/2000, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2 /2006, do 3 de maio”*

### PUNTO 1.

#### **Avaliación do alumnado de ESO:**

- A 3ª avaliación será o resultado das cualificacións obtidas pola alumna/alumno nas diferentes probas realizadas durante o período correspondente e na porcentaxe sinalada na Programación Didáctica do curso 2021-2022.
- O alumnado suspenso na terceira avaliación ordinaria deberá traballar ata a finalización do curso escolar, os contidos correspondentes que aparecen recollidos na P.D.
- A avaliación final, será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, aplicándolle o redondeo que figura na Programación.

#### **Alumnas/alumnos con avaliación(s) pendente(s):**

- A cualificación do alumnado con unha ou dúas avaliacións pendentes, tras os correspondentes procesos de recuperación, fará media coa(s) avaliación(s) aprobadas.
- Aos alumnos coas tres avaliacións suspensas, faráselle un exame gobar de contidos e a nota final será a obtida nesa única proba.

**NOTA. A programación** de actividades lúdicas para o alumnado aprobado **poderá verse limitada ou restrinxida** dependendo do número e as características do alumnado suspenso que demande atención e que entendemos debe ser considerado prioritario.

### PUNTO 2.

#### **Alumnado de 1º de BAC**

**Consideración e integración da cualificación do alumnado de 1º de BAC** con estadía en Italia parte do 2º trimestre.

Para todas aquelas alumnas e alumnos que se atopen nesta circunstancia, o departamento acorda:

- Respetar a cualificación correspondente á 2ª avaliación, obtida pola alumna ou alumno no centro no que estiveron escolarizados.
- Integrar as notas acadadas nas diferentes probas realizadas no segundo trimestre antes da marcha a Italia (exames de contidos, control de lecturas, exposición orais...) na cualificación da terceira avaliación, e na porcentaxe que se recolle -dependendo da proba- na Programación Didáctica correspondente ao curso 2021-2022.
- A cualificación final, será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, aplicándolle o redondeo que figura na Programación.